

O Conservatorio Profesional de Música de Culleredo no presente curso escolar proporcionará a todos os aspirantes que así o soliciten, un pianista acompañante para a súa proba de acceso ó 1º curso de grao profesional. Para poder desfrutar deste servizo, o aspirante deberá acollerse ó repertorio sinalado na programación como " Repertorio acompañado polo pianista acompañante do centro". Os aspirantes deberán indicar no momento de formalizar a matrícula a solicitude de ser acompañados, así como indicar o repertorio que se interpretará e entregar unha copia de cada unha das obras coa parte do acompañamento pianístico. Os aspirantes terán dereito a dous ensaios co seu pianista. A coordinación dos horarios de ensaio será levada a cabo polo pianista acompañante có aspirante. A duración máxima deste ensaio será de vinte minutos.